

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE A ESTRADA E A “ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA DE CENTROS DE APOIO FAMILIAR” PARA A POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS DE FORMACION PARA A ATENCIÓN INTEGRAL DESTE COLECTIVO, NO CONCELLO DE A ESTRADA

3598518
2A
ANTONI
A MARIA
JOSEFA
FERRAD
ANS (R:
G367924
63)

Firmado
digitalmente por
35985182A
ANTONIA MARIA
JOSEFA
FERRADANS (R:
G36792463)
Fecha:
2025.12.19
09:21:28 +01'00'

GONZALO LOUZAO DONO (2 para 2)
Dato de Caducidad: 17/12/2025
Dato de Firma: 17/12/2025
HASH: 2b79b5d42412597af6c690506b0239e



Reunidos en A Estrada,

COMPARECEN

Dunha parte: Don. Gonzalo Louzao Dono con DNI ***9170** na súa calidade de Alcalde do Concello de A Estrada con CIF P-3601700B.

E doutra parte: D^a M^a Jose Ferradáns Villar actuando en nome e representación da “Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar” (en adiante APACAF) con CIF G-36792463, na súa condición de Presidenta da asociación arriba referenciada con domicilio para os efectos deste convenio en Lugar de Pereiro, 18 Berres

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade coa que interveñen neste acto e a necesaria para a sinatura do presente convenio e para tal efecto

MANIFESTAN

Primeiro.- APACAF é titular do centro “A Braña” sito na parroquia de Berres onde viven e traballan 10 persoas con Trastorno do Espectro Autista e alí tamén acoden 24 persoas máis co mesmo diagnóstico durante as vacacións e fins de semana que realizan obradoiros de manualidades.

Pensamos que a posta en marcha dun proxecto formativo destas características pode marcar o inicio dunha experiencia non só de adquisición de habilidades de autogoberno senón tamén de integración laboral interesante para este colectivo

Segundo.- Para compensar os diferentes déficits de motivación, de atención, de nivel intelectual, de trastornos da imitación, de condutas interferentes que presenta esta síndrome, é necesario desenvolver un programa de estratexias psicolóxicas e pedagóxicas específicas que permitan unha abordaxe global de maneira que se poida traballar cara a creación dunha infraestrutura laboral con criterios de rendibilidade económica e desenvolvemento persoal dentro do mercado laboral.



Terceiro.- Co obxecto de aproveitar as sinerxias mutuas xeradas pola actividade de ambas institucións, as partes manifestan a súa intención de estreitar a colaboración mutua e acadar así unha mellor asistencia integral ás persoas afectadas por este trastorno e aos seus familiares, polo que, de mutuo acordo, deciden subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

1.1- O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes asinantes, dentro do programa de atención integral a persoas con trastorno de espectro autista e discapacidade intelectual e os seus familiares, para a posta en marcha no Concello de A Estrada dun curso de cociña.

Este Convenio terá vixencia durante o ano 2025 para a realización das actividades, programas ou actuacións contempladas no mesmo.

O Concello de A Estrada comprométese a destinar a cantidade máxima de 1.000 euros para o cumprimento dos fins do convenio, a través da subvención consignada a nome da “Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar”, na aplicación 231.0.489.11 no orzamento municipal en vigor.

Esta subvención é compatible con calquera outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para unha mesma finalidade, procedentes de calquera fóra da administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

1.2 Este curso esta incluído dentro da formación laboral teórico práctica especificamente dirixido ao traballo de persoas con autismo gravemente afectadas neste sector. O desenvolvemento dun programa de traballo con apoio para persoas con autismo severamente afectadas para un obradoiro de cociña está xustificado porque abre un campo enorme de posibilidades a causa da multiplicidade de tarefas e un amplo abano de complexidade das mesmas.

1.3 Os obxectivos deste programa son a autonomía persoal, a integración social e a integración laboral dos participantes.

Segunda.- Ámbito do convenio.

O ámbito de actuación do presente convenio circunscríbese ao ámbito de actuación propio do Concello de A Estrada e, naqueles lugares onde poidan ser atendidos os pacientes deste Concello.



TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE A ESTRADA.

4.1 - Designar un responsable que actuará como interlocutor para os efectos do presente convenio.

4.2 - O Concello de A Estrada comprométese a facer unha aportación económica a APACAF para levar a cabo o desenvolvemento do presente program por un importe máximo de 1000 euros.

4.3- Establecer un calendario de reunións, cando así se considere oportuno e de interese para un mellor desenvolvemento do programa.

CUARTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas da Asociación , como beneficiario da subvención nominativa obxecto deste convenio:

- Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención
- Xustificar ante o Concello a realización da actividade que determina o disfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello, así como a calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.
- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e de Seguridade Social.
- Dispor dos estados contables e rexistros específicos necesarios para o exercicio adecuado das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Proceder ao reintegro dos fondos recibidos nos supostos establecidos nas Bases de Execución do orzamento 2025, así como na estipulación quinta do presente convenio.
- Obter cantas autorizacións sexan precisas para o desenvolvemento da actividade subvencionada e cumprir as súas determinacións.
- Facilitar información do desenvolvemento da actividade, de cara ao seguimento por parte do Concello.
- Comunicar ao Concello a modificación de calquera circunstancia que fora tida en conta para a concesión da subvención.

QUINTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.



1. Considéranse gastos subvencionables os gastos que responden á natureza da actividade obxecto de subvención e que se realicen e efectivamente se paguen con anterioridade a **finalización do período de xustificación**.
2. Non se admitirán como gastos subvencionables:
 - a) Os custos internos de administración e organización propios da Asociación, salvo que pola súa complexidade, se considere necesaria a contratación da oportuna asesoría externa ou a contratación de persoal administrativo propio para levar a cabo ditas tarefas.
 - b) Os xuros debedores de contas bancarias.
 - c) Os xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
 - d) Os gastos de procedementos xudiciais
 - e) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
 - f) Os impostos persoais sobre a renda.
 - g) Nota de gasto ou outros documentos que non reúnan os requisitos regulamentariamente esixibles para seren considerados factura ou xustificantes con validez legal.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

O pagamento da subvención que se instrumentaliza a través do presente Convenio se realizará unha vez os beneficiarios da subvencións xustifiquen destino dos fondos percibidos e que estes foron adicados á finalidade para a que lle foi concedida a subvención.

O prazo límite para proceder a xustificación da axuda concedida será 15 de decembro de 2025.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario, pago que deberá ser realizado antes do 31 de decembro de 2025.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Conta xustificativa do gasto realizado (relación de gastos e ingresos).
- b) Documento de relación de facturas (cando sexan mais de duas facturas a presentar pola entidade)
- c) Facturas orixinais de gasto ou fotocopias debidamente cotexadas con acreditación de terse realizado o pago (mediante xustificante de



pago bancario ou na factura deberá constar firma orixinal do receptor do pago, DNI, e nome lexible.

d) Indicación expresa de que a subvención foi destinada para o fin que foi concedida.

e) Declaración da non percepción, ou percepción, se é o caso (detallando importes) doutras axudas públicas para as actividades subvencionadas

No caso de que a realización das actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nómina, factura ou documento equivalente (orixinais ou fotocopias cotexadas).

Así como achegar a xustificación do pagamento dos devanditos gastos mediante xustificación documental que acredite o pago.

No caso de que a presentación de documentación sexa incompleta ou defectuosa se concederá un prazo non superior a 10 días para a súa rectificación.

SEPTIMA.- INCUMPRIMENTO DE OBRIGAS, SUPOSTOS DE REINTEGRO E PROCEDEMENTO.

1. Ademais das previstas no artigo 36 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por razón da nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión, procederá o reintegro das cantidades percibidas e o interese de demora dende o momento do pago da subvención, cando se dean algunha das circunstancias seguintes:

- a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que, de terse dado, impedirán a concesión da axuda.
- b. Incumprimento, total ou parcial, da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- c. A negativa ou obstrución ás actuacións de control polos órganos competentes.

2. As cantidades a reintegrar poderán ser esixidas por vía de apremio, se o reintegro non se efectúa nos prazos que se determinen polo Concello.

3. O procedemento de reintegro dirixirase contra a “Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar”

4. Para a determinación da responsabilidade solidaria, ou subsidiaria, segundo proceda, da obriga de reintegro da subvención, máis os intereses de demora que procedan, estarase o disposto no artigo 40 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



OITAVA.- No non previsto neste Convenio se estará ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións así como o disposto na Ordenanza Xeral reguladora de Subvencións do Concello de A Estrada e nas Bases de Execución do Orzamento vixentes.

Para que así conste e en proba de conformidade, o asinan no lugar e data arriba indicado.

Polo Concello de A Estrada

Por APACAF

Asdo.: Gonzalo Louzao Dono
Alcalde de A Estrada

Asdo: M^a Jose Ferradáns Villar
Presidenta de APACAF A Braña

